



## RESOLUCIÓN REITORAL PARA A ADAPTACIÓN E A REORGANIZACIÓN ECONÓMICA DOS DEPARTAMENTOS APROBADA NO CONSELLO DE GOBERNO DA UDC DO 26 DE OUTUBRO DE 2016 QUE COMPLEMENTA A ANTERIOR INSTRUCIÓN DE DATA 3 DE MAIO DE 2017.

Por mor da reorganización dos departamentos universitarios de acordo co plan aprobado no Consello de Goberno do 26 de outubro de 2016, cómpre adaptar os créditos orzamentarios dispoñibles nos departamentos anteriores á nova estrutura departamental.

### CAPÍTULO VI

No que se refire ao reparto dos créditos dos fondos de investigación de 2017, crearanse novas partidas de acordo aos seguintes criterios:

1. A clasificación orgánica se corresponderá coa adscripción do grupo, unidade ou investigador individual ao centro, centro tecnolóxico ou instituto. Delégase nos negociados de Asuntos Económicos da Facultade de Ciencias (6100) e da Facultade de Informática (6140) a xestión económica dos créditos dos centros tecnolóxicos do CICA (0509) e do CITIC (0508) respectivamente.
2. A clasificación funcional seguirá sendo 541A
3. A clasificación económica seguirá sendo 649.00

Polo tanto, as aplicacións orzamentarias ficarán do seguinte xeito:

CLASIFICACIÓN ORGÁNICA	CLASIFICACIÓN FUNCIONAL	CLASIFICACIÓN ECONÓMICA
<b>ORGÁNICA DO CENTRO DE GASTO +</b> G-Código do grupo/U-Código da Unidade/I-Código do investigador (estes códigos aparecen no catálogo de investigación) +7 (sinala o ano de inicio: 2017) +9 (sinala o ano de fin: 2019)	<b>541A</b>	<b>649.00</b>

A delegación prevista no apartado 1, será aplicada no caso da xestión económica das axudas de investigación, financiadas con fondos propios e alleos (proxectos, convenios ou contratos).

### OUTRAS PARTIDAS

Polo que respecta ás aplicacións orzamentarias dos capítulos II e VI que actualmente conservan a clasificación orgánica anterior á reestruturación departamental, os directores dos novos departamentos deberán remitir á Vicerreitoría de Economía, Infraestruturas e Sustentabilidade unha proposta de distribución de saldos, para o cal poderán obter os datos precisos a través das UADIS, que de ser o caso, recabarán información das unidades administrativas correspondentes, indicando os importes a xerar nas novas aplicacións. Estas modificacións orzamentarias, que se realizarán de xeito centralizado, non terán a consideración de transferencias.

O prazo para recibir a proposta nesta vicerreitoría rematará o día 31 de maio de 2017.

A Coruña, 9 de maio de 2017

O Reitor

Julio E. Ábalde Alonso